ANEXO 3 B

CONVENIO DE ADHESIÓN DA DIPUTACIÓN DE OURENSE Ó CONVENIO MARCO ASINADO ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SOCIEDADE ECOLÓXICA PARA A RECICLAXE DOS ENVASES DE VIDRO (ECOVIDRIO)

Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases e no artigo 9 do Regulamento que a desenvolve, aprobado por Real Decreto 782/1998, do 30 de abril, a Entidade Local e ECOVIDRIO

Por medio do presente Convenio, a DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE adhírese ó Convenio Marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Sociedade Ecolóxica para a Reciclaxe dos Envases de Vidro (ECOVIDRIO), asumindo integramente a DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE todos os compromisos e condicións que se recollen no mesmo.

A efectos deste Convenio a DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE conta actualmente cunha poboación de 124.691 habitantes (Padrón Oficial do ano 2023) e a superficie do termo supramunicipal sería a suma en km^2 (5.842) dos 64 concellos adscritos na provincia de Ourense especificados na estipulación terceira deste Convenio. Os residuos de envases de vidro producidos por habitante estimados son de 13,1 kg./hab. e ano.

En concreto, a Entidade local asume as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Adhesión ó Convenio Marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Sociedade Ecolóxica para a Reciclaxe dos Envases de Vidro (ECOVIDRIO) por parte da DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, o que ten por obxecto regular os dereitos e obrigas da Comunidade Autónoma, de ECOVIDRIO e dos Entes Locais en relación co funcionamento do Sistema Integrado de Xestión de residuos de envases e envases usados de vidro que xestiona ECOVIDRIO na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDA. - MODALIDADE DE ADHESIÓN

En relación coa recollida selectiva dos residuos de envases de vidro procedentes da recollida selectiva, de acordo coas opcións definidas na cláusula terceira do Convenio Marco a Entidade local opta por:

X ECOVIDRIO RECOLLE: A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE encomenda formalmente a ECOVIDRIO os servizos de xestión de recollida selectiva de residuos de envases e envases usados de vidro no seu municipio. [*][1]

b) ECOVIDRIO NON RECOLLE: O Ente Local encárgase da recollida selectiva, transporte e entrega a ECOVIDRIO de residuos de envases e envases usados de vidro no seu municipio. [*][1]
A plataforma de transferencia ou planchada designada polo ente local para recibir os REV deste concello, que cumpre coas características indicadas no punto 3.2 da cláusula terceira, e onde quedan a disposición de ECOVIDRIO é ……..

TERCEIRA.- CONDICIÓNS ESPECÍFICAS

De conformidade co previsto no punto 3.1. da cláusula terceira do Convenio Marco, establécense as seguintes condicións particulares no Convenio de Adhesión.

Ámbito Territorial do Convenio de Adhesión: Ecovidrio comprométese á xestión integral da recollida selectiva de residuos de envases e envases usados de vidro no ámbito territorial da Deputación Provincial de Ourense formado polos **64 concellos** que actualmente teñen delegadas as devanditas competencias sobre a xestión de residuos ó ente supramunicipal. A relación de concellos integrantes e a que se sinala a continuación:

Municipio	Pob	Contenedores 2023	Kg 2023	Tipología
Amoeiro	2.391	17	22.760	Rural
Avión	1.754	19	14.400	Rural
Baltar	884	4	14.620	Rural
Bande	1.482	23	17.145	Rural
Beariz	946	10	10.400	Rural
Blancos, Os	716	9	13.680	Rural
Boborás	2.232	18	15.480	Rural
Bola, A	1.069	13	8.815	Rural
Bolo, O	806	10	11.240	Rural
Calvos de Randín	679	5	5.820	Rural
Carballeda de Valdeorras	1.373	8	6.660	Rural
Carballiño, O	13.968	84	233.030	Semiurbano
Castrelo do Val	989	12	20.800	Rural
Castrelo de Miño	1.337	24	8.980	Rural
Castro Caldelas	1.222	13	10.780	Rural
Coles	3.176	22	32.600	Rural
Cualedro	1.606	26	22.750	Rural
Chandrexa de Queixa	493	4	2.000	Rural
Entrimo	1.098	9	11.305	Rural
Xinzo de Limia	9.529	72	206.860	Semiurbano
Gudiña, A	1.180	14	17.900	Rural
Irixo, O	1.391	10	14.940	Rural
Larouco	444	6	3.260	Rural
Laza	1.167	16	33.980	Rural
Lobeira	768	6	8.925	Rural
Lobios	1.786	16	15.283	Rural
Maceda	2.878	32	31.170	Rural
Manzaneda	832	5	11.400	Rural
Maside	2.743	23	32.040	Rural
Melón	1.123	25	17.100	Rural
Mezquita, A	1.007	17	30.920	Rural
Montederramo	688	6	7.000	Rural

Municipio	Pob	Contenedores 2023	Kg 2023	Tipología
Monterrei	2.424	27	32.460	Rural
Muíños	1.439	18	20.087	Rural
Oímbra	1.730	19	33.800	Rural
Padrenda	1.614	9	13.120	Rural
Pereiro de Aguiar, O	6.647	44	71.380	Rural
Peroxa, A	1.779	11	22.240	Rural
Petín	875	8	7.000	Rural
Porqueira	841	6	16.340	Rural
Pobra de Trives, A	1.977	18	21.180	Rural
Punxín	751	10	5.140	Rural
Rairiz de Veiga	1.220	17	10.340	Rural
Ribadavia	4.973	57	80.880	Semiurbano
San Xoán de Río	518	3	-	Rural
Riós	1.414	22	26.320	Rural
Rúa, A	4.141	33	56.640	Semiurbano
Rubiá	1.384	18	5.000	Rural
San Amaro	1.049	12	17.300	Rural
San Cibrao das Viñas	5.675	35	54.680	Rural
San Cristovo de Cea	2.003	20	21.080	Rural
Sandiás	1.134	13	19.820	Rural
Sarreaus	1.095	8	18.440	Rural
Taboadela	1.487	14	14.100	Rural
Teixeira, A	342	5	9.460	Rural
Toén	2.378	21	18.200	Rural
Trasmiras	1.228	15	23.740	Rural
Veiga, A	925	9	4.600	Rural
Viana do Bolo	2.750	15	14.560	Rural
Vilamarín	1.866	12	20.480	Rural
Vilamartín de Valdeorras	1.851	20	14.000	Rural
Vilar de Barrio	1.201	14	20.000	Rural
Vilardevós	1.702	16	26.560	Rural
Vilariño de Conso	521	5	3.960	Rural

1 - Marcar a opción elixida

No suposto en que a Deputación Provincial de Ourense solicite a Ecovidrio o cambio de sistema de recollida selectiva que se recolle no presente Convenio e cámbiese -segundo o previsto no apartado 1 da cláusula novena do Convenio Marco-, ó sistema de "Ente Local recolle", páctase polas partes que o prazo de tempo que deberá de agardar Deputación Provincial de Ourense antes de asumir directamente o servizo de recollida será de seis meses. Este prazo de tempo, establécese así como o período mínimo de preaviso a Ecovidrio para que poña fin a súa prestación da recollida de envases de vidro no ámbito territorial da Deputación Provincial de Ourense.

CUARTA.- OBRIGAS

A Entidade local manifesta coñecer o contido do Convenio Marco ó que se adhire, incluídos todos os seus Anexos, e comprométese a cumprir coas obrigas que lle sexan de aplicación definidas na cláusula 4 do mesmo.

A Entidade local asinará este Convenio de adhesión de modo sinatura electrónica, e acto seguido a Deputación Provincial de Ourense enviará o documento para posterior sinatura electronica por parte de ECOVIDRIO, finalizando coa sinatura electrónica da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia. Unha vez recompiladas as tres sinaturas, Ecovidrio pode proceder o inicio da prestación do servizo de xestión de recollida selectiva de residuos de envases e envases usados de vidro nos 64 municipios.

De acordo co carácter de norma de protección ambiental que ten a Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases, os sistemas de recollida selectiva monomaterial de envases de vidro que poñan en marcha o Ente local ou ECOVIDRIO, segundo o modelo de adhesión elixido, serán definidos con criterios de aceptación social, eficiencia técnica e viabilidade ambiental e económica.

Por outra banda, ECOVIDRIO comprometeuse a aceptar os residuos de envases e envases usados de vidro de cuxa xestión sexa responsable, separados por materiais e nas condicións acordadas polas partes coa sinatura do Convenio Marco.

QUINTA.- ASISTENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA AO ENTE LOCAL

En función da modalidade de adhesión elixida pola Entidade local, ECOVIDRIO financiará a esta polos custos adicionais derivados da recollida selectiva dos residuos de envases de vidro, de acordo co establecido no Anexo 2 do Convenio Marco.

No suposto no que sexa o Ente Local quen asume os servizos de recollida selectiva dos residuos de envases de vidro, e sen prexuízo da responsabilidade que sobre a xestión de residuos de envases de vidro atribúelles o artigo 9.1 da Lei de Envases e o resto da lexislación vixente, poderá ECOVIDRIO a requirimento fidedigno deste mediante o enchemento do Anexo 5 do presente Convenio, proceder ao pago directo dos servizos de

recollida ás empresas contratadas pola administración para a execución material dos servizos de recollida.

Os recolledores que, como contratistas, realicen a execución material da recollida para o Ente Local serán sempre elixidos mediante un procedemento público baseado nas regras xerais contempladas na normativa sobre competencia e de libre mercado, de tal forma que se axustan aos principios de publicidade e concorrencia, e os criterios de avaliación das ofertas teñen un carácter obxectivo e non discriminatorio.

En ningún caso, ECOVIDRIO nin os seus contratistas asumirán obrigas que puidesen establecerse ou derivarse como consecuencia da finalización do contrato de xestión do servizo público de xestión de residuos polo Ente Local, quen se compromete a manter indemne a ECOVIDRIO e os seus contratistas de calquera reclamación ou acción xudicial que se puidese dirixir contra eles, como consecuencia dos servizos asumidos no presente convenio.

SEXTA.- RESPONSABILIDADE

O Ente Local terá a obriga, no caso de que opte por asumir a prestación do servizo de recollida selectiva, indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución material da devandita actividade, incluídos os casos de danos e/ou prexuízos derivados da incorrecta utilización de material financiado por ECOVIDRIO, sen prexuízo do seu dereito para repetir contra o contratista responsable da execución material da devandita actividade.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente Convenio de Adhesión entrará en vigor desde a firma do mesmo por ambas as partes e estará vixente por un período igual ao Convenio Marco ao que se adhire.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente Convenio de Adhesión:

a) Por resolución do Convenio Marco entre a Comunidade Autónoma e ECOVIDRIO.
b) Por perda de autorización do Sistema de Integrado de Xestión de envases usados e residuos de envases de vidro.
c) Por mutuo acordo das partes.
d) Pola integración noutra Entidade que teñan asinado Convenio de adhesión ao Convenio Marco.
e) Pola desistencia unilateral do Ente Local pola adhesión a outro SIX de residuos de envases de vidro que no futuro puidese existir.
f) Por incumprimento reiterado das obrigas asumidas polo Ente Local da cláusula 3 do Convenio Marco.
g) Por calquera das causas de resolución previstas no marco normativo vixente

En caso de resolución anticipada e/ou cambio de sistema de recollida estarase ao procedemento previsto nas cláusulas 8 e 9 do Convenio Marco.

NOVENA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Este Convenio de Adhesión ten carácter administrativo, e estará suxeito á normativa administrativa aplicable. A xurisdición contencioso-administrativa será a que ostente a competencia para resolver cantas cuestións litixiosas poidan suscitarse.

E en proba de conformidade con canto antecede, asinan de modo electrónico o presente Convenio a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, a Xunta de Galicia e ECOVIDRIO.

34948720J LUIS MENOR (R: P3200000B)
Firmado digitalmente por 34948720J LUIS MENOR (R: P3200000B)
Fecha: 2024.10.07 09:17:48 +02'00'

02525648H JOSE MANUEL NUÑEZ-LAGOS (R: G81312001)
Firmado digitalmente por 02525648H JOSE MANUEL NUÑEZ-LAGOS (R: G81312001)
Fecha: 2024.10.15 09:37:12 +02'00'

Deputación Provincial de Ourense	Xunta de Galicia	ECOVIDRIO

Asinado por: ECHEVARRIA MORENO, MARIA JOSE
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 18/10/2024 10:44:58

CVE: caHwycuBMpC9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve